

A idea d'A esmorga

Nunha entrevista realizada por Carlos Casares a Eduardo Blanco Amor, o autor contesta deste xeito á pregunta de que como xurdiu A Esmorga:

«Foi unha cousa tan misteriosa! Non o sei. Quizais dun *lonxano* recordo. Sendo eu rapaz de cinco anos, estaba coa miña nai presenciando o *Encuentro* da procesión de Venres Santo, nun balcón da Praza Maior de Ourense. O *Encuentro* era exactamente un **auto sacramental** mudo. Estou vendo a un crego, ao que lle pagaban catro onzas por predicar toda a semana e que facía de **coro** de **traxedia grega**, estimulando e guiando as imaxes. O aire cheiraba a *perrita* e sentíase un ruído de zocos pola praza adiante. De repente, fíxose un claro de *riña* debaixo de nós. A miña nai colleume deseguida e xa non vin máis. Ao 'Bocas' abríranlle o bandullo, e foise correndo, *emparando* as tripas que lle saían, ata o hospital da praza das Mercedes. Daquela navallada saíu A Esmorga. Logo xa no plano da creación literaria eu pensaba que había unha posibilidade de galego popular truncado: Curros, Lamas... que estaba en contra daquel galego un pouco para *señoritos* que era o galego literario da miña época. Un domingo empecei a escribir con grande facilidade. Escribina en tres mañás de domingo, porque traballaba en 'Emecé' e non tiña tempo. É unha novela casual, sen precedentes, porque eu non lera **La Chute de Albert Camus**, da que algúns quixeron ver influencias. Ocorre o mesmo con *La catedral y el niño* que non ten nada que ver con *La Regenta* que só lin recentemente. A Esmorga é unha reconstrución visual de Ourense. O estilo nace do desexo de reflexar o visual. Visualiza algo que en si era máxico, como é o pasado sempre. Todas as miñas novelas ocorren no pasado. O pasado visto de lonxe trócase en atmosfera máxica e eu atópome ben nesa atmosfera porque non ten límites. O que lle presta á miña obra unidade é a súa intemporalidade. É un pouco **a pintura naíf**.»

Investiga!!!

Busca o significado das secuencias en negra para compartilo co resto da clase.